



## Informe de intervención

**Asunto:** Informe do mes de xaneiro de 2015 relativo ao cumprimento de prazos do Real decreto 635/2014

O día 30 de xullo de 2014 publicouse no BOE núm. 184 o Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

En base ao regulado nel emítase o seguinte

### Informe

Para a súa elaboración seguiuase o establecido no artigo 4 e 5 do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, así como a "Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL" publicada na páxina web da oficina virtual de entidades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O ámbito de aplicación son as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

No apartado 2 do artigo 6 do Real decreto 635/2014, establece a obriga das corporacións locais de remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, a información relativa ao seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior, correspondendo á Deputación o período de cálculo referido ao mes tal e como regula o apartado 4 do artigo 5 do dito Real decreto.

Tamén indica que a información referida ao mes anterior publicarase nos seus portais web, seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia da mesma, antes do día trinta de cada mes.

Por todo o anterior e segundo os datos que constan no sistema de información contable da Deputación Provincial de Lugo e a información subministrada a esta intervención polos distintos entes dependentes do ente provincial: o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (Consorcio de Bombeiros), a Fundación para o Desenvolvemento de Tecnoloxías da Información e Comunicación (Fundación TIC) e a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA (SUPLUSA), o período medio de pago global a provedores en termos económicos correspondente ao mes de xaneiro de 2015 da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes é o seguinte:

Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Importe Pagos Mensuais	Ratio de Operacións Pdtes. de Pago	Importe Pdtes. Pago Mensuais	Período Medio de Pago Mensual
Deputación Prov. de Lugo	23,52	4.399.251,06	22,38	1.136.890,12	23,29
Consorcio de Bombeiros	0,29	583.648,06	-4,55	207.498,07	-0,98
Fundación TIC	-14,71	51.424,12	-26,33	35.834,76	-19,48
SUPLUSA	-24,97	195.619,85	-19,04	41.176,79	-23,94
<b>PMP Global</b>		<b>5.229.943,09</b>		<b>1.421.399,74</b>	<b>18,16</b>

Por todo o exposto **proponse**:

**Primeiro.** Remitir a información ao Ministerio de Facenda e AAPP.

**Segundo.** Dispoñer que se proceda á inserción da información na páxina web da Deputación.

Lugo, 27 de febrero de 2015

A Interventora



Rosa Abelleira Fernández